REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 15.03.2018 Hora: 16:00

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de marzo de 2018, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 9027 (10/PNC-000947)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a reapertura polo Goberno galego do centro de menores de Montealegre, en Ourense, e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa súa xestión e funcionamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017

1.2 21294 (10/PNC-001751)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posta en funcionamento dunha residencia pública de atención a persoas maiores nas instalacións do CEIP Castelao, da parroquia de Belesar, no concello de Vilalba, así como a cobertura da demanda de prazas públicas de residencia e centro de día nese concello antes do ano 2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 229, do 19.12.2017

1.3 25414 (10/PNC-001971)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a dotación pola Xunta de Galicia ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense dunha cociña propia e de calidade, adaptada ás necesidades do hospital
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018

1.4 25828 (10/PNC-001987)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego destinadas a solucionar as deficiencias no Centro de Saúde de Tui
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018

1.5 26052 (10/PNC-002003)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal dos puntos de atención continuada, así como a garantía da calidade dos servizos asistenciais que se prestan neles
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

1.6 26080 (10/PNC-002007)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o cumprimento pola empresa concesionaria da autovía do Salnés das condicións laborais do persoal encargado do seu mantemento, así como a seguridade viaria das persoas usuarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 15.03.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 15.03.2018 Hora: 16:00
Orde do día

1.1 9027(10/PNC-000947)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a reapertura polo Goberno galego do centro de menores de Montealegre, en Ourense, e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa súa xestión e funcionamento

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 13:14
Nº Rexistro: 9027
Data envio: 12/05/2017 13:14:33.700

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

En abril de 2012 a Xunta de Galicia pechou o centro de menores Montealegre, situado en Ourense, que acollía a mozos e mozas a partir de 14 anos con importantes problemas de conduta, para segundo afirmou a daquelas Consellería de Traballo e Política Social, realizar obras debido a que as instalacións tiñan importantes deficiencias e carencias.

Naquel momento, tanto os traballadores e traballadoras dos centros, os equipos técnicos de menores, a Fiscalía de Menores, a Policía autonómica, e mesmo o Valedor do Pobo, manifestaron que se consideraba un grave erro esta decisión, debido á necesidade deste recurso como resposta ás necesidades específicas destes e destas menores.

O peche do centro de menores de Montealegre obrigou a que moitos destes e destas adolescentes acabaran no de protección ordinaria da Carballeira, mesturando de maneira indiscriminada casuísticas que van dende os problemas de conduta, ao consumo de sustancias tóxicas, ou a presenza dalgún tipo de trastorno psíquico. Esta mestura indiscriminada nunha mesma contorna prexudicou a todos os usuarios e usuarias posto que non se está ofrecendo a atención adecuada ás necesidades de cada un deles, co problema engadido de que ao tratarse dun centro de réxime aberto, as saídas de menores conflitivos e con trastornos de conduta son habituais.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 13:14
Nº Rexistro: 9027
Data envio: 12/05/2017 13:14:33.700

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

En canto todas as circunstancias o permitan, reabrir de xeito inmediato, o centro de menores de Montealegre, situado en Ourense, garantindo que todos os servizos que se presten no mesmo sexan públicos, que estea atendido por empregados e empregadas públicos en número suficiente, e cos recursos técnicos e materiais necesarios para garantir unha atención de calidade.

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Juan Manuel Díaz Villoslada
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/05/2017 12:49:13

Raúl Fernández Fernández na data 12/05/2017 12:49:18

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/05/2017 12:49:24

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2017 12:49:30

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 13:14
Nº Rexistro: 9027
Data envio: 12/05/2017 13:14:33.700

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/05/2017 12:49:35

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 15.03.2018 Hora: 16:00
Orde do día

1.2 21294(10/PNC-001751)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posta en funcionamento dunha residencia pública de atención a persoas maiores nas instalacións do CEIP Castelao, da parroquia de Belesar, no concello de Vilalba, así como a cobertura da demanda de prazas públicas de residencia e centro de día nese concello antes do ano 2020

Publicación da iniciativa, 229, 19.12.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 12:57
Nº Rexistro: 21294
Data envio: 11/12/2017 12:57:02.889

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea,** a iniciativa dos seus deputados **Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª,** en relación á creación de novos servizos de atención a persoas maiores no Concello de Vilalba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Vilalba contaba en 2016 (IGE) con 14.487 habitantes, dos cales, o 28,5% tiñan máis de 65 anos, sendo o índice de avellentamento dun 215,09/1000.

Os indicadores demográficos sitúannos nun escenario de descenso de poboación, cunha taxa de natalidade de 6,27, fronte a unha taxa de mortalidade do 15,53, sen que os movementos migratorios compensen o saldo vexetativo negativo. Deste xeito, a poboación de Vilalba reduciuse en 1.623 efectivos dende os 16.110 habitantes en 1991 até hoxe.

Malia a forma regresiva da pirámide de poboación vilalbesa, o municipio ten poucos recursos públicos en materia de atención ás persoas maiores.

Vilalba conta cunha residencia de maiores privada (Fundación Hospital Asilo de Vilalba) con 24 prazas financiadas. As prazas dispoñibles en dita residencia non son suficientes para atender as necesidades das persoas maiores de Vilalba que precisen un recurso residencial, nin para acoller a demanda futura.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 12:57
Nº Rexistro: 21294
Data envio: 11/12/2017 12:57:02.889

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Dende o inicio do curso 2016/2017 atópase pechado o Centro de Educación Primaria Castelao, na parroquia de Belesar, a uns 9,5 km de distancia do núcleo de Vilalba. Dito centro, un edificio dependente da Consellería de Educación, baleiro e en desuso, conta con planta baixa e primeiro andar, ademais de con espazos anexos.

Vista a falta de prazas residenciais públicas para persoas maiores no Concello de Vilalba e comarca, e vista a existencia dunha infraestrutura pública que podería axeitarse, coas debidas reformas, a un centro residencial para as persoas maiores, En Marea preguntámonos se a Xunta contemplou esta posibilidade.

Dispor dun centro residencial para atención á terceira idade en Vilalba, na parroquia de Belesar, permitiría dispor deste recurso de proximidade para as persoas maiores do Concello de Vilalba que o precisen e contribuiría a revitalizar unha zona rural, logo do peche do seu colexio público.

Por outra parte, en 2002 asinouse un convenio de colaboración entre o Concello de Vilalba e a Consellería de Asuntos Sociais para a posta en marcha dun Centro de Día en Vilalba. No mes de novembro de dito ano o Pleno vilalbés aprobou a ratificación dun contrato entre o Concello e a Fundación Hospital Asilo de Vilalba para que o centro de día se construíse nas proximidades do asilo e para a adxudicación da xestión do centro a dita Fundación.

Non foi ata 2005 cando se desenvolveu a primeira fase da infraestrutura e en 2007 a Vicepresidencia da Igualdade de do Benestar, da Xunta de Galiza, asumiu o remate dos traballos, mentres que a Fundación Hospital Asilo realizou o equipamento do centro de día.

En 2007 o Centro de Día estaba rematado e equipado para entrar en servizo, faltando só a cesión da xestión por parte do Concello á Fundación, coa intención de, unha vez publicado o Decreto de creación da Rede Galega de Centros de Día para a Atención Social, pedir a incorporación do centro de Vilalba á mesma.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 12:57
Nº Rexistro: 21294
Data envio: 11/12/2017 12:57:02.889

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Finalmente, tras unha permuta de terreos, o centro é propiedade da Fundación Asilo e non foi até 2017 cando se abre o prazo para acceder ás prazas deste centro, que funcionará finalmente como "unidade terapéutica" de atención diúrna a persoas con Alzheimer, a pesares das promesas de apertura para o ano 2016.

O centro será privado, con prazas concertadas, financiadas por Xunta e Concello. O 24 de agosto de 2017 publícase no DOG a convocatoria da "contratación, por procedemento aberto, da xestión de servizos públicos, na modalidade de concerto, para a reserva e ocupación de prazas de atención diúrna terapéutica para persoas con alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas no concello de Vilalba".

A inexistencia do recurso de Centro de Día no Concello de Vilalba provoca que persoas usuarias deste servizo se teñan que desprazar a outros concellos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galicia a:

1. Estudar a posta en funcionamento dunha residencia pública de atención a persoas maiores nas instalacións do CEP Castelao, na parroquia de Belesar, no Concello de Vilalba.

2. Presentar ante o Parlamento de Galiza e ante o Pleno da Corporación do Concello de Vilalba os resultados de dito estudo no primeiro semestre de 2018.

3. Aumentar as prazas públicas de residencia e centro de día no Concello de Vilalba, de xeito que se cubra a demanda antes de 2020.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 12:57
Nº Rexistro: 21294
Data envio: 11/12/2017 12:57:02.889

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/12/2017 12:29:26

Luis Villares Naveira na data 11/12/2017 12:29:33

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 15.03.2018 Hora: 16:00
Orde do día

1.3 25414(10/PNC-001971)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense dunha cociña propia e de calidade, adaptada ás necesidades do hospital

Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2018 18:16
Nº Rexistro: 25414
Data envio: 06/02/2018 18:16:52.959

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

Fai xa moito tempo que o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense amosa importantes deficiencias na dotación tanto de infraestruturas como de persoal.

A ampliación levada a cabo pola Xunta de Galicia estivo xa no seu inicio marcada por unha mala xestión como o propio retraso da obra. Actualmente, a situación amosase moi lonxe de mellorar e as carencias que deberan ser solucionadas agudízanse producindo unha situación insostible tanto para pacientes como para persoal.

O persoal leva bastante tempo manifestándose para que a Consellería solucione esta situación que desborda totalmente.

En relación ás infraestruturas resultan especialmente graves as condicións da cociña, que xunto coa deficiencia de persoal, ten que facer fronte a situación de elaborar mil menús por quenda nun contexto de absoluta precariedade, non estando dotado de cociña o novo edificio e atopándose nunha situación de deficiencia total a cociña antiga, circunstancia denunciada tanto á inspección de traballo como á inspección de sanidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2018 18:16
Nº Rexistro: 25414
Data envio: 06/02/2018 18:16:52.959

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar ao CHUO dunha cociña propia e de calidade adaptada ás necesidades do hospital.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández, Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 06/02/2018 18:06:05

Luis Villares Naveira na data 06/02/2018 18:06:12

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 15.03.2018 Hora: 16:00
Orde do día

1.4 25828(10/PNC-001987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego destinadas a solucionar as deficiencias no Centro de Saúde de Tui

Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:30
Nº Rexistro: 25828
Data envio: 08/02/2018 17:30:32.551

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para solucionar as deficiencias no centro de saúde de Tui.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A preocupación do pobo galego pola situación da sanidade pública vai en aumento, cada vez son máis as persoas conscientes do deterioro da sanidade pública galega froito da decisión do Goberno do PP de favorecer o negocio privado coa nosa saúde e de recortar todo tipo de recursos, persoal, orzamentos, infraestruturas...

Dentro deste deterioro xeneralizado a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como "a porta de entrada", como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Cada día ponse en evidencia, con crueza, esta situación de retroceso e de deterioro da Atención Primaria en Galiza. Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do estabelecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:30
Nº Rexistro: 25828
Data envio: 08/02/2018 17:30:32.551

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

Neste contexto o centro de saúde de Tui está a sufrir tamén as consecuencias da política sanitaria do Partido Popular. Un megaproxecto defendido polo anterior alcalde do Partido Popular, Moisés Rodríguez, que aínda carece de licenza de actividade, e que desde a súa posta en funcionamento mostra carencias e deficiencias que causan prexuízos tanto a profesionais como a doentes:

-A sala de espera de urxencias é claramente insuficiente, pois so hai espazo para 10 persoas, véndose obrigados a agardar en corredores e en zonas que non son destinadas a tal fin dificultando o traballo do persoal sanitario.

-Na primeira planta do centro de saúde (zona de consultas) existen so 3 baños, dos cales ningún é para uso exclusivo do persoal sanitario, obrigando a compartilo, ou , en caso contrario , téndose que desprazar, o persoal sanitario, á planta menos un.

-Na zona de vestiarios, de descanso e de comida do persoal sanitario de urxencias, hai un forte cheiro a sumidoiro o que fai imposíbel o traballo diario de xeito digno. Non esquezamos que as quendas laborais abrangue desde as 15:00 horas até as 08:00 do dia seguinte, ou 24 horas en domingos e festivos.

-A porta principal de acceso ao centro de saúde está situada cara ao norte, polo que os pacientes que realizan xestións na entrada reciben continuas correntes de aire. A súa vez, esta entrada carece de pasarela de protección, e de sitio de aparcamento para poder descargar aos doentes. Por outra banda, polas mañás (até as 15:00 horas) a porta de urxencias permanece pechada, polo que o persoal de ambulancias vese obrigado a rodear o centro de saúde ou, ben dar aviso, e agardar a que lle abran a porta de urxencias.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:30
Nº Rexistro: 25828
Data envio: 08/02/2018 17:30:32.551

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas razóns ,o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a solucionar, no menor prazo posíbel, as deficiencias existentes nas instalacións do centro de saúde de Tui, consistentes en:

-Ampliar a sala de espera.

-Habilitar un baño para uso exclusivo do persoal na planta número 1.

-Dar solución ao forte cheiro a sumidoiro na planta -1.

-Eliminar as correntes de aire na actual porta principal.

-Establecer no acceso á porta principal unha zona para o estacionamento de vehículos, que traian ou recollan doentes, así como cubrir a mesma."

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:30
Nº Rexistro: 25828
Data envio: 08/02/2018 17:30:32.551

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2018 17:29:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2018 17:30:02

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2018 17:30:03

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2018 17:30:05

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2018 17:30:06

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2018 17:30:11

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 15.03.2018 Hora: 16:00
Orde do día

1.5 26052(10/PNC-002003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal dos puntos de atención continuada, así como a garantía da calidade dos servizos asistenciais que se prestan neles

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 10:25
Nº Rexistro: 26052
Data envio: 13/02/2018 10:25:20.683

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

O principal problema que ten o sistema sanitario público galego é de persoal. Existe un deficitario número de profesionais no sistema, o que deriva nunha sobreexplotación das súas condicións laborais e, a pesares do seu esforzo, na existencia de demoras e listas de espera que empeora o servizo asistencial.

Ademais dun problema de número, o persoal traballador no sistema sanitario público galego ten tamén un problema de condicións laborais. Por un lado os contratados de modo precario, en condicións de esixencia elevada sen contraprestacións axeitadas, con eventualidades inaceptables e con subterfuxios legais que teñen provocado xa sentencias xudiciais contra o Sergas pola contratación en fraude nalgúns casos.

Un sinalado caso de problemas laborais está nos traballadores dos PAC. A pesares de ser persoal estatutario do sistema, os profesionais traballadores dos PAC en Galicia atópanse en situación de indefensión ante unas condicións laborais inaceptables en moitas das cuestións que lles afectan. Están afectados pola negativa constante da Xunta de Galicia de afrontar con garantías a revisión da paralización dos acordos retributivos de 2008, conxelados en 2010 polo goberno de Núñez Feijoo, e que derivan no mantemento do persoal sanitario de Galicia como un dos de peores condicións de toda España (o peor en varios indicadores).

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 10:25
Nº Rexistro: 26052
Data envio: 13/02/2018 10:25:20.683

Ademais desta cuestión, de maneira específica o persoal dos PAC ten problemas coas ausencias por baixas, ao non ser validado o seu tempo laboral como baixa se non como a necesidade de reubicar as súas horas; a súa non prioridade para establecer quendas e horarios respecto dos outros traballadores que, asociados a outros servizos, fan parte dos seus horarios nos PAC; o deficiente servizo de provisión de medios materiais e o seu mantemento, tendo que utilizar medios propios en moitos casos para mantelos en condicións, e outras cuestións que levan tempo reclamando e das que o Sergas é coñecedor pero non ofrece resposta satisfactoria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha canle de negociación específica co persoal dos PAC para restituír condicións laborais equiparables, como mínimo, ao resto dos profesionais do servizo galego de saúde.
2. Recoñecer a súa especificidade nas cuestións de organización de quendas, horarios, horas de traballo recuperables e non recuperables tras baixas e outras cuestións que sexan motivo de acordo específico.
3. Dotación de recursos materiais e humanos necesarios para garantir os servizos asistenciais de calidade a través dos PAC.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 10:25
Nº Rexistro: 26052
Data envio: 13/02/2018 10:25:20.683

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Julio Torrado Quintela na data 13/02/2018 10:18:55

Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2018 10:19:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2018 10:19:06

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 15.03.2018 Hora: 16:00
Orde do día

1.6 26080(10/PNC-002007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o cumprimento pola empresa concesionaria da autovía do Salnés das condicións laborais do persoal encargado do seu mantemento, así como a seguridade viaria das persoas usuarias

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 12:11
Nº Rexistro: 26080
Data envio: 13/02/2018 12:11:08.251

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á precariedade laboral na empresa concesionaria do mantemento da autovía do Salnés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A central sindical CIG veñen de denunciar publicamente a situación de precariedade no mantemento da autovía do Salnés, precariedade que supón un risco para o persoal da empresa que realiza as labores de mantemento e para @s usuarios.

Segundo denuncian a UTE que ten adxudicado o mantemento da autovía do Salnés, a pesares de ter un cadro de persoal de trece persoas, só ten catro destinadas ao servizo de mantemento, xa que o resto adícanse a actividades como control de monitores ou xefaturas.

Estas catro persoas son as responsábeis de realizar todas as labores de mantemento e limpeza de valla perimetral, peches, cunetas e beiravías, pasos inferiores e superiores, pintado a man dos cebreados. Así mesmo teñen a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 12:11
Nº Rexistro: 26080
Data envio: 13/02/2018 12:11:08.251

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

encomenda de realizar a sinalización e protección da zona en caso de accidente ou sinistro agardas a chegada dos servizos de emerxencias e tráfico e logo proceder á retirada dos restos de vehículos e limpeza do firme. Realizan a sinalización en en caso de obras con conos, vallas etc. ; e correspóndelles tamén a retirada de calquera tipo de elemento que invada a vía ou como pode ser animais, desprendementos...

Dado o escaso número de traballadores destinados as labores de mantemento, seguridade e sinalización danse circunstancias de ter que acudir un só traballador a sinalizar un sinistro ou que tras estar de quenda de noite ter que continuar a xornada ordinaria pola mañá.

A Xunta como titular desta vía e responsábel da concesión á empresa do mantemento da mesma, non pode consentir este nivel de precariedade que pon en risco tanto @s traballadores como @s usuari@s. Este risco nun é un futuríbel senón que xa se ten manifestado en varios accidentes, varios deles de extrema gravidade, un con consecuencia de morte para un traballador en agosto de 2017.

Toda esta situación foi posta en coñecemento do Delegado Territorial da Xunta de Galiza en Pontevedra por parte da CIG, razón pola que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a esixirlle á empresa concesionaria do mantemento da autovía do Salnés o cumprimento das

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 12:11
Nº Rexistro: 26080
Data envio: 13/02/2018 12:11:08.251

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

condicións laborais para garantir a seguridade laboral d@s traballadores/as responsábeis do mantemento da vía así como d@s usuari@s.”

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2018 12:05:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2018 12:05:15

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2018 12:05:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 12:11
Nº Rexistro: 26080
Data envio: 13/02/2018 12:11:08.251

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2018 12:05:18

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2018 12:05:19

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2018 12:05:25